



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

ref.: mjsp/ Acta Pleno/AX/SX/nº 15-16 de 21/12/2016

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA Nº 15/2016 DO PLENO DO CONCELLO

Lugar: Auditorio Lois Tobío

Data: 21.12. 2016

Hora de convocatoria: 13:00 h.

Hora de comezo: 13:00 h.

Hora de remate: 14:12 h.

### ASISTENTES

- D. Juan Francisco Ferreira González
- Dna. Nuria Lameiro Valverde
- Dna. Iria Lamas Salgueiro
- 
- D. Fernando Guitián Guitián
- Dna. Natalia Sofía Salgueiro Hermida
- Dna. Patricia Durán Pérez
- D. Jesús Salgueiro Pérez.
- 
- D. Xosé Antonio Araújo Quintas
- Dna. Rocío Cambra Castro
- D. Xosé Antón Araújo Rodríguez
- 
- D. Manuel Gómez González
- D. Javier Gregores Méndez
- Dna. Beatriz Fernández Alonso
- 
- D. Pauliño Damián Del Río Iglesias
- D. Josué Villar Ballesteros
- Dna. María Jimena Varela Rodríguez

### SECRETARIO

- Pablo Portela Fernández

No Auditorio Lois Tobío, habilitado como salón de sesións da Corporación, nesta Vila de Gondomar, ás 13:00 horas do 21 de decembro de 2016, reuníronse os membros da Corporación, anteriormente relacionados asistidos polo secretario municipal, por mor de celebrar a Sesión Extraordinaria do Pleno, regulamentariamente convocada para este día, coa seguinte orde do día:

1. **Expediente 42/2016. Aprobación definitiva da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa polo Servizo da recollida do lixo.**



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

Sr. Alcalde: Teñen a documentación do Pleno, como non podía ser doutro xeito, o informe de intervención, as alegacións presentadas e a ordenanza fiscal que se pretende aprobar se procede.

*Pola Concelleira Iria Lamas Salgueiro dáse lectura á Proposta da Alcaldía de data 16.12.2016, que literalmente di:*

**PROPOSTA DE ALCALDÍA:**

**ASUNTO:** APROBACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DA RECOLLIDA DO LIXO.

**MOTIVACIÓN URXENCIA:**

*A urxencia da inclusión na orde do día do presente Pleno débese a necesidade de que a Ordenanza Fiscal sexa publicada no BOP antes de final do exercicio 2016 para que se produza a súa entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2017. (consta unha errata na motivación da urxencia como poden ver – di entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2016, no canto de 1 de xaneiro de 2017)*

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*En relación co expediente relativo á imposición e ordenación da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo, en cumprimento do preceptuado polo artigo 22.2 e) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, con base aos seguintes*

**ANTECEDENTES DE FEITO:**

- *Aprobación inicial da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa polo servizo de recollida de lixo mediante acordo plenario de data 06 de outubro de 2016.*
- *Publicación da aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia de data 02 de novembro de 2016.*
- *Durante o período de exposición ao público do acordo de aprobación inicial da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de recollida de lixo foron presentadas as seguintes alegacións:*
  - 1.- Almudena Mellado Ramírez en data 07/11/16.*
  - 2.- Margarita Fernández Álvarez en data 25/11/16.*



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
[Pontevedra]

3.- Fernando Guitián, na representación do Grupo Municipal do partido popular en data 06/12/16.

4.- Manuel Gomez González, na representación do partido Iniciativa por Gondomar en data 07/12/16

5.- Pauliño del Río Iglesias, na representación do grupo municipal Concello Aberto en data 07/12/16.

- Informe de Intervención de data 14 de decembro de 2016

**LEXISLACIÓN APLICABLE:**

A Lexislación aplicable nesta materia está recollida en:

- Os artigos 15 ao 21 e 24 e 25 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Os artigos 22.2.e), 47.1 e 107 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Artigo 6 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos (concepto de taxa).

Visto canto antecede, e examinadas as alegacións presentadas contra dito acordo, fórmase a seguinte Proposta ao Pleno da Corporación, xustificada a urxencia da inclusión do asunto na Orde do Día nos argumentos sinalados na Resolución. Aceptada a urxencia volvería o asunto á Comisión Informativa de asuntos económicos comprendidos na Orde do Día do Pleno, cumprindo o establecido no artigo 126.2 do ROF:

**PRIMEIRO.** Aceptar parcialmente as alegacións propostas que afectan aos artigos 5 e 6 da Ordenanza proposta, engadindo una disposición transitoria, quedando redactados da seguinte forma:

**ARTIGO 5º. BENEFICIOS FISCAIS.**

1.- Estarán exentos do pago desta taxa:

- a) Concello polos edificios e locais da súa titularidade que figuren afectos a un servizo público.
- b) Os suxeitos pasivos cuxos ingresos sexan inferiores ao Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM).

2.- Bonificacións:

- a) Estarán exentos de pagamento desta Taxa de lixo da vivenda que constitúa a residencia habitual do solicitante, os membros de familias con ingresos brutos anuais,



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
[Pontevedra]

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

*per cápita, inferiores a 3.977€ e 6.390€ para familias numerosas. O cómputo dos ingresos brutos farase respecto do exercicio inmediatamente anterior ao que se presenta a solicitude.*

*Para poder acollerse a esta exención haberá que cumprirse ademais da condición de que a titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non supere o valor catastral de 49.305,00 euros.*

*Calcularase o ingreso bruto anual per cápita dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais de todas as persoas que convivan nunha vivenda entre o número total daquelas.*

*No caso dunha persoa cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65% computarse como se fosen dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade estivese entre o 35% e 65% computarse como 1,5.*

*No caso de que nunha vivenda resida unha persoa vítima de violencia de xénero, aplicarase ao seu ingreso bruto o coeficiente de 0,30. Este coeficiente será de aplicación os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.*

*No caso de persoas maiores de 65 anos, aplicaranse aos seus ingresos brutos o coeficiente de 0,50.*

*No caso de que nunha vivenda resida unha soa persoa aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente de 0,55.*

*No caso de que se dean simultaneamente as dúas circunstancias referidas nos dous parágrafos anteriores, aplicarase o coeficiente de 0,35.*

*No caso dunha vivenda onde resida unha familia monoparental, na que so percibe ingresos o/a proxenitor/a custodio/a e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase ao ingreso bruto o coeficiente de 0,55. Poderase aplicar este coeficiente no caso de que os fillos perciban prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.*

*Persoas que tendo cargas familiares levasen en situación de desemprego máis de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente de 0,35.*

*Para ter dereito a estas bonificacións deberán solicitarse polos interesados entre o 1 de outubro e o 31 de decembro de cada ano, xunto coa documentación acreditativa do cumprimento das condicións para o seu outorgamento, e, no caso de resultaren estimadas, producirán efectos para o exercicio seguinte a aquel no que foran formuladas.*

*No caso de familias numerosas o prazo do 31 de decembro amplíase ata o 31 de xaneiro.*

*Deberá acompañarse á solicitude os seguintes documentos:*

- Fotocopia compulsada da declaración da renda do exercicio inmediato anterior ou, no seu defecto, certificación negativa da Delegación da Axencia Estatal da Administración Tributaria, correspondente aos integrantes da unidade familiar.*



- *Certificación catastral dos inmobles da súa propiedade.*
  - *Documento onde se acredite a discapacidade.*
  - *No caso de familias numerosas deberán acompañar á solicitude o título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba producir efectos a exención.*
  - *Sentenza firme acreditativa da violencia de xénero.*
  - *Documento onde se acredite a situación de desemprego.*
- b) *Terán dereito a unha bonificación do 99% da cota, os locais sociais das Comunidade de Montes Veciñais en Mancomún, das Asociacións de veciños sen ánimo de lucro situadas e con sede física no Concello, ANPAS, Centros Culturais e Deportivos, cemiterios municipais e os edificios e locais da Entidade Local Menor de Morgadáns.*

#### **ARTIGO 6º. COTAS TRIBUTARIAS.**

1. *A efectos de aplicación desta Taxa, considérase que se presta o servizo sempre que se recolla o lixo domiciliario de xeito directa ou a través dun colector ou depósito. No caso de establecementos comerciais, industriais, profesionais ou de outros usos que se atopen pechados ou sen utilización, se aplicará unha tarifa de vivenda.*
2. *No suposto de que dentro dunha vivenda se realice unha actividade económica, aplicarase a cota correspondente á actividade realizada.*
3. *Se nun mesmo local ou recinto se exerceran varias actividades polo mesmo titular, estarán obrigados a contribuír pola tarifa máis alta, máis o 50 % da que corresponda a cada unha das restantes.*
4. *Cando unha industria, comercio ou establecemento ocupe máis dunha planta, ademais da tarifa aplicable pola actividade que realice satisfará por cada unha das demais plantas a cota de vivenda.*

*A tal efecto aplicarase a seguinte tarifa:*



**CONCEPTOS TARIFAS:**

<b>Concepto</b>	<b>Tarifa</b>
<b>Domicilios particulares</b>	
Colector ou depósito a distancia inferior ou igual a 150 metros	55,00
Colector ou depósito a distancia superior a 150 metros e inferior ou igual a 300 metros	35,00
Colector ou depósito a distancia superior a 300 metros	16,50
<b>Cafetería e bares</b>	
Ata 100 m2 e sen servizo de comedor	70,00
Mais 100 m2 e sen servizo de comedor	100,00
Ata 100 m2 e con servizo de comedor	200,00
Mais 100 m2 e con servizo de comedor	250,00
<b>Restaurantes</b>	
Ata 250 m2	290,00
Mais de 250 m2	580,00
Hoteis	
Ata 50 habitacións	220,
Mais de 50 habitacións	835,
<b>Local industrial, taller, nave de fabricación ou almacenamento</b>	
Ata 100 m2	145,
De 101 m2 a 500 m2	200,
De 501 m2 a 750 m2	250,
Mais de 750 m2	395,
<b>Local comercial</b>	
Ata 100 m2	70,0
De 101 m2 a 250 m2	105,
Mais de 250 m2	265,
<b>Entidades bancarias</b>	280
<b>Tendas de alimentación</b>	
Ata 100 m2	90,0
De 101 m2 a 250 m2	125,
Mais de 250 m2	315,
<b>Outros establecementos</b>	90,0



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA:**

*No ano 2017, as solicitudes para acollerse aos beneficios fiscais previstos no artigo 5 desta Ordenanza realizaranse entre o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de marzo de 2017, ambos inclusive.*

**SEGUNDO.** *Aprobar con carácter definitivo, unha vez resoltas as alegacións presentadas, a Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de recollida de lixo, co texto que se acompaña na documentación anexa.*

**TERCEIRO.** *Publicar dito acordo definitivo e o texto da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de recollida de lixo no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.*

**Sr. Alcalde:** Grazas Sra. Lamas, temos que como ven aí, non está ditaminado na comisión este punto da orde do día, polo tanto temos que unha vez xustificada a urxencia, como xa quedou dito, temos que ratificar a inclusión deste punto da orde do día e sometela polo tanto a votación. Entón sometemos a votación a inclusión na orde do día deste punto

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. Alcalde somete a inclusión deste punto na orde do día a votación ordinaria co seguinte resultado.

*Sr. Alcalde: Sr. del Río, vostede, non sei se foi un erro, votou ou non é que non o vin, repetimos a votación entón.*

### **VOTACIÓN E ACORDO**

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a inclusión deste punto na orde do día.**

### **DELIBERACIÓN**

**Sr. Alcalde:** A proposta é a que acaba de ler a Concelleira, como poden ver aí hai tres alegacións, cinco alegacións, perdón, das cinco alegacións foron estimadas parcialmente as mesmas, por así dicir foron estimadas na súa totalidade as de Gondomar Concello Aberto, polo tanto queda incluída dentro desa a estimación do Sr. Pauliño del Río, tamén a presentada polo Partido Popular que falaba dunha bonificación do 50%, con todo o Sr. del Río falaba dunha exención, bonificación do 100%, enténdase polo tanto queda incluída, é dicir, unha vez que aceptamos o 100% obviamente o 50% queda dentro. Desta maneira quedan aceptadas esas dúas e despois respecto a alegación presentada polo grupo político I.X.G. estímase tamén cunha pequena excepción, que I.X.G. falaba do recibo íntegro 55 euros, despois falaba de que os colectores que estiveran entre os 150 metros e os 300, que aboaran un 60% do recibo, e falaban vostedes aquí dun resultante de 33 euros. Nos para redondear, non con outra



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

intención, púxoselles 35 euros, dous euros mais, un pouco por redondear, e con todo a aqueles colectores que estean a mais de 300 metros, como vostedes dicían na alegación, abonan un 30% do recibo que son os 16,50 euros, practicamente queda aceptada na súa totalidade con esa pequena excepción, que espero que non a teñan en conta nin que a tomen a mal, simplemente foi por redondear, por facelo dalgunha maneira mais práctico o dos 35 euros, e no resto queda aceptada, polo tanto as alegacións están parcialmente aceptadas pero eu creo que cubrimos dalgún xeito a vontade de tódolos grupos políticos e podemos dicir que esta ordenanza fiscal polo tanto é a vontade de toda a Corporación. Aceptadas as de Gondomar Concello Aberto, aceptadas as do Partido Popular e aceptadas no 99% as de I.X.G. e coa proposta de Goberno podemos dicir que temos unha ordenanza fiscal feita por todos. Sen mais intervencións a este respecto, ¿mais intervencións? ¿vostede tamén pide a palabra Sr. Pauliño? ¿pide a palabra vostede? si, pois piden a palabra tres, ten a palabra o Sr. Gómez. As palabras dáas o Presidente da Corporación, que neste caso son eu. A quenda de palabra vaise respectar obviamente. Ten vostede a palabra ¿si?

Sr. Pauliño del Río: As palabras as da o Sr. Alcalde, correcto, pero hai unha normativa que debería, que estaría ben que o Sr. Alcalde a respectase, simplemente.

Sr. Alcalde: Moi ben, se vostede cre que está a vulnerarse algunha normativa pois xa sabe o que ten que facer Sr. Pauliño. De todas formas non se está a vulnerar ningunha normativa, simplemente díse quen pide a palabra para intervir, unha vez pedida a palabra, de todos os que queiran intervir este Alcalde vai dala palabra segundo unha orde que crea conveniente, así de claro, é dicir o que se busca, ríase vostede o que queira, e que ademais é mais xusto home, para que vostede non fale sempre de último porque sinó pode sentirse tamén prexudicado, vai abrindo camiño e tamén os demais ímonos ilustrando, que é o que lle gusta a vostede. Sr. Gómez, ten a palabra.

Sr. Gómez: Bos días a todos e a todas, imos ver, en primeiro lugar, vostede xa o falou Sr. Alcalde, pensei que houbera un erro no das alegacións nosas que no segundo tramo de 150 a 300 metros puxésemos o 60% que eran 33 euros, 35 nós non lle imos a poñer problemas aí, paréceme ben que o redondee, é unha cantidade mais redonda por dicilo así, vostede mesmo o dixo, e paréceme ben que tome en conta as nosas alegacións do Grupo Iniciativa por Gondomar. Eu penso que son bastante lóxicas e equitativas, o que non é normal é o que vostedes pretendían, que todo o mundo pagase exactamente igual, que nos estamos de acordo, o noso grupo está de acordo, o que quere é que todo o mundo pague igual pero que tamén todo o mundo teña o servizo, aquí o que necesitamos e que tamén, xa levan ano e medio no Goberno, estamos cun contrato de recollida do lixo prorrogado sobre prórroga prorrogada de non sei cantas e aquí necesitase que se poñan mans á obra, creo que xa están pero bueno o que digo eu, xa levan ano e medio aquí ¿non? e que dunha vez por todas haxa un contrato onde contemplan que toda a veciñanza, que tódolos veciños e domicilios podan ter unha recollida do lixo, iso, como toca, unha empresa onde se teñan ao mellor camiños mais pequenos porque hai barrios, como xa lle dixen no anterior Pleno, aos que non chega o camión, non entra o camión porque non hai accesibilidade para ese tipo de camiños que ten a empresa. Entón nos o que queremos é que todo o mundo pague os 55 euros pero que todo o mundo teña o servizo como...cunha máxima distancia de 50 metros, ¿qué pasa? que como iso, desde o derradeiro Pleno a agora era imposible, non o fixeran nun ano e medio, non o ían a facer agora nun mes. Pois como parche, por dicilo así é outra cousa e por responsabilidade, que vostede imaxínese que a vostede hoxe aquí este Pleno non lle aproban, que lle votan en contra, pois miúdo problema, miúdo panorama ¿eh? e nós non seríamos os culpables ¿eh? Non, porque si lembra nos trouxéramos unha moción para pedir a exención do recibo da recollida do lixo do ano 2016, nun principio do ano 2015 pero como tiña debeño cambiamos neste, aquí na sesión plenaria para o ano 2016, se iso se fixera como nos pedíamos non terían agora este problema, e problema creo que tampouco van poñer porque penso que isto vai saír





CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevledra)

adiante, pero miúdo panorama se este Pleno vota en contra, o ano que ven ninguén pagaría o lixo, é normal por responsabilidade e nun principio porque nos pensábase que mentres non se lle dera unha solución a isto, cada un ten que pagar polo servizo que ten, non pode pagar igual o que ten o colector a 150 metros que o que o ten, hai algúns casos, algúns barrios que o teñen a máis de 1 km, por iso nos fixemos ese calado e o propuxemos aquí no Pleno e fixemos unha alegación baseada neso, e do Goberno neste caso, non esperábase menos. En vista de que as aceptan e todo, eu o que si lle pido é que isto sexa transitorio, que sexa un parche e que lle dea unha solución a isto, nos pois si que lle imos votar a prol. Nun principio nada mais.

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sr. Gómez. Agradezo ademais as súas palabras e o compromiso con Gondomar na aprobación desta ordenanza, que por outro lado si obviamente non temos os votos suficientes para aprobalas, son as consecuencias, os inconvenientes de estar nun Goberno en minoría, todos somos adultos e aquí temos unha responsabilidade que é actuar en consecuencia cos intereses que cada un considere. Eu quero tamén agradecerlle as achegas que fixo á ordenanza, como a todos os que están aquí hoxe e que as fixeron tamén, porque do que se trata é de que ao final entre todos fagamos a mellor ordenanza, nos aprobamos que é a obriga dun Goberno facer dentro da súa actividade como Goberno, facer unha ordenanza e poñela enriba da mesa do Plenario para o seu debate, arrincamos cun modelo de ordenanza que criamos axeitado sen prexuízo das achegas posteriores que se fixeran na mesma, como é o caso, e actuando desde a responsabilidade e o sentido común pois aceptámolas porque cremos ademais que son boas, e cando vostede dicíame que isto tiña que ser transitorio, eu creo que si tamén por iso non podemos deixar de atender as alegacións de tódolos grupos porque estamos ante unha situación transitoria, temos un contrato inexistente, é dicir non temos contrato, estamos en precario coa recollida de selectivos, temos un acordo do anterior Goberno cunha empresa concesionaria que presta un servizo puntualmente e que factura mensualmente e estase pagando con reparo de intervención, tamén é verdade como se fixo sempre, non se pode deixar de recollelo lixo porque é unha necesidade, unha evidencia, por salubridade, etc., polo tanto hai que recollelo lixo e solucionar este problema. ¿Qué fixo este Goberno nada mais chegar?

Pois nada mais chegar, a persoa que era a responsable nese momento da área, púxose mans a obra e o primeiro que fixo foi abrir un estudo económico que xa existía e poñerse a elaborar os pregos de contratación e todo o demais, con iso seguimos e ademais segue a traballar a mesma consultora, a mesma empresa que no Goberno anterior, cando estaba unha responsable de área de medio ambiente, Jimena Varela e agora pois seguimos nos, segue traballando a mesma empresa polo tanto non é susceptible nin é sospeitosa de que sexa unha empresa "adoc" escollida baixo o noso criterio político. Están elaborados os pregos de contratación, están feitos, vostedes os teñen no seu poder, tivemos algunha xuntanza, trasladouse esa documentación, fixéronse achegas ao mesmo e venme á cabeza pois unha achega que fixo o Partido Popular respecto á posibilidade de incentivar ou de valorar mais na puntuación dos criterios subxectivos ou dentro dos criterios de adxudicación da concesionaria entrante pois o traballar sobre unha base de concienciación á cidadanía para a recollida de selectivos, fíxose, déuselle traslado a tódalas partes, fixéronse correccións e elaborouse o derradeiro informe xurídico respecto dos mesmos por parte da Secretaría Municipal, onde o Secretario Municipal pois dalgún xeito elabora un informe baixo criterios obxectivos e xurídicos, onde considera que non están de todo ben eses pregos de contratación, baixo o seu entender, e unha vez estudada pois a normativa vixente, en concreto a Directiva Europea 14/2014, etc., iso ponnos nun dilema porque temos uns pregos elaborados por unha empresa e pola administración e un informe do Secretario Municipal dalgunha maneira desfavorable, hai que dicilo, isto non o digo con acritude nin de maneira despectiva, que ninguén o tome a mal nin como crítica ao técnico municipal nin nada, simplemente elabóralo como ten que facer, e dinos que non está todo de acordo cos criterios de valoración, pois nolo di, entón evidentemente ante unha situación deste calado, non o imos traer a Pleno cun informe contrario de Secretaría ou



do Secretario Municipal. Como tamén é certo que estamos nun terreo xurídico de interpretación, pois o que fixemos para saír de toda dúbida, foi mandar ese prego de condicións de contratación ao Consello Consultivo da Xunta de Galicia, e agora mesmo non lembro a data na que foi remitido pero debe haber como ao mellor dous meses, non hai tanto, si un pouco menos mes e medio, está aí, agora fállolle de memoria, estamos pendentes de que nos informen, pídeselles que dalgún xeito nos digan se iso esta ben, se reúne os requisitos legais, se é interpretable dentro da arbitrariedade que ten a propia administración porque iso tampouco non é o abc, entón nesa fase estamos, eu se xa coñecen un pouco do que falo pois os criterios, moitas veces se taxámos moito o que facemos é converter iso nunha poxa, no canto dun concurso, aí nese dilema estamos. Por outro lado, se non se taxan e déixase á certo arbitrio e subxectivo á mesa pois pode xerar problemas á hora de contratar etc.,etc., recursos, isto é un tema que se nos sae do contexto político e que está no contexto xurídico e legal. Entón si que se levan feito cousas ao respecto, tamén saben que se fixo e pediuse un informe sobre a idoneidade de municipalizar o servizo ou privatizalo mesmo como está, tamén hai un informe que se lle trasladou a tódolos voceiros e a tódolos grupos para que o teñan para a súa valoración, polo tanto quero dicir con isto e remato, que están elaborados os pregos de contratación, que está feito un estudo de municipalización ou privatización do servizo, que está elaborado o informe de Secretaría, está remitido ao Consello Consultivo da Xunta de Galicia para o seu ditame, que se iso viñera favorable ou temos que cambiar algo ou tal, nese contexto estamos para traelo á Sesión Plenaria, non si antes trasladarillo a tódolos grupos para que poidan facer achegas, para que poidan, como vostedes saben, todo aquilo que crean conveniente, porque isto do contrato do lixo, dos residuos, dos colectivos, das pilas, do cartón, do punto limpo e todo non ten que ser unha cousa que a vontade de todos nos que para iso estamos aquí representando a tódolos veciños. Eu non teño ningún interese de facelo dunha maneira A, B nin C, eu quero facelo dunha maneira consensuada coas achegas feitas por todos e que sexa o mellor para Gondomar. Sr. Gómez, eu non sei se contéstolle a iso, tamén queda contestado por se algún incide neste tema por aquilo de que non fixemos nada, fago esta mención porque unha das alegacións que facía o grupo Popular poñía como condición sen equanom ou sen equanóm, depende de onde se lle poña o acento, poñía esa condición de que tiñamos que estar iniciando, estar co proceso de contratación, eu non sei o inicio onde empeza pero quero que tamén saiban neste senso que levamos feito nesta parte que lle fala, que ben é certo que leva de Alcalde ano e algo pero leva asumindo esta parte de residuos menos tempo, temos un traballo feito, podía haber traído isto ao Pleno xa fai dous meses, pero non se trata de traelo para que ao final isto xere un debate absurdo, e que non haxa consenso entre todos, entón eu creo que é conveniente esperar ao ditame do Consello Consultivo, que nos marque dalgún xeito o camiño o ítem para poder traer isto aquí e recollelas achegas que sexan necesarias, eu creo que o traballo está feito, que non vaia todo o rápido que a nós nos gustaría tamén é verdade pero se o Secretario Municipal, volvo a repetir non é unha cuestión de poñer en interdito o que el faga, informase ou dese vía libre a ese prego, estaría xa aquí fai un par de meses, o que pasa é que non queremos facer as cousas mal queremos facelas ben, e sobre todo cando estamos a falar da contratación dun servizo que é unha parte importante do orzamento. Moitas grazas, Sr. Pauliño, ten vostede a palabra que pediu. Grazas.

Sr. Pauliño: Grazas Sr. Alcalde, ben gustárame en primeiro lugar dicir que non sei se estará contemplado no artigo 126 do R.O.F. entre as mocións de urxencia a ineptitude do Sr. Alcalde ao convocar este Pleno, se non o está debería de estar aínda que fora referido ao ámbito de Gondomar porque a súa ineptitude Sr. Alcalde empeza a ser preocupante. Convoca vostede un Pleno Extraordinario para aprobar unha taxa sen pasar pola correspondente Comisión preceptiva de Economía, Facenda e Contas, con dúas notificacións aos membros do Plenario, a primeira sen xustificar a urxencia e non sabendo se temos que estar aquí luns ou mércores, e a segunda cando menos notificada a este quen lle fala, o luns ás 10:22 h. da mañá co cal incumpre o que di a Lei que é:" deberán transcorrer polo menos dous días hábiles entre a



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

convocatoria e a realización do Pleno", evidentemente, se se me convoca o luns non pasan dous días hábiles e é evidente, por tanto estamos de novo ante, unha chapuza da súa ineptitude. Hai que deixarse de medias tintas, é evidente, curiosamente vostede trae aquí a xustificación da urxencia á que por responsabilidade todos votamos a prol porque ten que estar publicada no Boletín para que a taxa entre en vigor. Estou bastante asombrado, cando os da esquina de Caixanova amargábanlle a vida, é unha frase súa que xa forma parte da historia de Gondomar, é dicir cando Gondomar Concello Aberto tiña competencias sobre esta materia, en catro meses trouxo a este Pleno, despois de revisar, reformular, cambiala, presentar pdfs autocubribles, convocadas as Comisións de Economía e Facenda correspondentes, publicacións e aprobación, mais de vinte taxas, e vostede que ten encomendada esta area desde xaneiro, imos dicir desde o 1 de febreiro deste ano, é dicir tivo once meses, trae unha taxa, unha taxa que é un "corta e pega" da presentada polo Partido Popular, xa hai quen di que vostede é a versión "low cost" do Sr. Fernando Guitián, vai na mesma dirección pero con peores prestacións, unha taxa, e nin sequera tráea coa antelación suficiente para que teña unha tramitación ordinaria e ten que vostede recorrer á non convocatoria dunha Comisión de Economía e Facenda. Espero que non diga que é porque se escuse nos técnicos municipais, ¿verdade? cousa que a estas alturas xa non coa, para copiar e pegar unha taxa moito me temo que non fai falla moito técnico municipal, ben visto o dito, trae vostede aquí un popurrí de aprobacións, que a verdade hai cousas que se contradín, mirárase ao longo do desenrolo desta taxa, pero tal como está o articulado que vostede presenta a este Plenario, hai cousas que se contradín, polo tanto supoño que como nas cousas nas que se contradiga, no caso de que alguén reclame será a beneficio do contribuínte, pois nos non imos ter moito mais que dicir, pero desde logo resulta curioso esta especie de popurrí, e imos a contentar a todo o mundo, o resultado é que nas taxas hai contradicións evidentes no seu articulado. Vale, nos dixémoslle que iamos a facer unha serie de alegacións, unha no sentido de que a taxa a diferenza dun imposto, o imposto grava unha consideración económica, un feito económico, unha taxa é algo que a administración recibe a cambio de dar un servizo, como evidentemente o servizo non é o mesmo e se hai unha cousa de común acordo neste momento entre a veciñanza é que ultimamente o servizo do lixo en Gondomar funciona peor ca nunca, peor ca nunca en canto a limpeza, recollida mesmo recollida de aveños, limpeza de colectores, etc., etc., evidentemente partindo da base de que todos debemos de contribuir porque todos xeramos lixo evidentemente, é evidente que se se dan servizos distintos evidentemente hai que establecer cotas distintas para os contribuíntes, por iso nos puxemos unha primeira alegación en conforme se diferenciara entre a taxa, a cota dos 55 euros e aquelas que estaban a mais de 150 metros que establecemos en 35 euros. Despois porque parecíanos razoable establecer dúas cotas para dous servizos que evidentemente non se están dando, non tódolos veciños reciben o mesmo, a súa intención era que todos pagaran por un servizo que non recibían en igualdade, esa era a intención do Goberno. Ben, nos non pensabamos así, aí está feita esa alegación e por outro lado xa anunciamos, e non nos imos a repetir aquí, unha serie de beneficios fiscais que achegan á exención do imposto a unha serie de colectivos desfavorecidos na liña das taxas e impostos presentados o ano pasado que se recollen. Vostedes na súa proposta non o recollían, fan a pelo, ben nos temos outra sensibilidade, nos pensamos mais ca vostede en determinados colectivos e así están. Non imos aquí a repetir, as bonificacións fiscais que presentamos están recollidas aí, parécenos un acerto sobre iso. Gustaríanos tamén que aparte das alegacións que fixemos os tres grupos políticos que presentamos alegacións, gustaríanos que o Sr. Alcalde tivera algunha referencia para aquelas alegacións, dúas de veciños que presentaron tamén alegacións que forman parte de interesados no procedemento do que vostede nada dixo. Ben, nos queremos que quede constancia aquí de que hai dúas alegacións mais aparte das presentadas polos grupos que pertencen a esta Corporación, unha solicita que queden exentos do cobro da taxa aquelas vivendas que queden a mais de 300 metros, basease nunha serie de sentenzas tanto do tribunal supremo como do TSJ, que sería no seu momento interesante considerar, e a outra



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

tamén que se lle rebaixe o 50% a aquelas vivendas do concello sitas a mais de 500 metros do punto de recollida, o cal da un pouco o nivel ao cal está determinado este servizo nas parroquias ou en determinadas parroquias. Ben, é evidente que esta alegación de forma directa está recollida, liquidada e digamos que porque evidentemente dado que esa z emenda de I.X.G. sobre o tema de mais do segundo tramo pois evidentemente (...) a petición da veciña de Gondomar, e simplemente para rematar, nos evidentemente nos votaremos a prol, veremos que pasa despois no desenrolo desta ordenanza nos temas contraditorios que nela aparecen e simplemente quería facer unha mención sobre as manifestacións feitas polo Sr. Alcalde referente a cando levaba Jimena Varela, a Sra. Jimena a area referida a Medio Ambiente, mire desde Gondomar Concello Aberto é certo que se solicitou un estudo e solicitou un estudo para que neste tramo en que hai unha empresa en precario e vaise realizar un prego de condicións ¿verdade? houbera un réxime transitorio para cubrir esta historia en precario. Vostede simplemente negouse a asinar ese contrato, da mesma maneira que non deberá ter moito que ver pero evidentemente desde ca empresa síntese amparada por vostede que paga a toca tella os informes e de intervención contrarios ¿verdade? agora o servizo é de peor calidade. Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Pauliño, voulle contestar algo, mais que nada para despois darlle a posibilidade por alusións de ter outra vez a palabra, que sei que lle gusta, sei que lle gusta e moito, o que pasa é que vostede a min verdadeiramente xa non me sorprende, porque sempre ten a mesma canción, sempre ven aquí con cualificativos, ineptitude, asombro, popurrí, sempre ven co mesmo rolo, cambie de retórica que sempre ten a mesma, pero xa vostede, leva toda a vida aquí co mesmo dilema, siga mentres os veciños queiran que siga, de tódalas formas eu estou aquí para solucionar os problemas como vostede sabe, e non vou falar do paleolítico de cando vostedes formaron parte de casualidade dun Goberno no que nunca quixeron estar e que non crían nel porque é mais doado facer oposición, é mais doado estar todo o mes preparando un Pleno con palabras e impropiedades cara o alcalde, criticando a súa xestión no canto de moitas veces agradecer e ser loable co que fai. De momento a ordenanza vai ser aprobada e o Concello está marchando ben, non todo o que eu quixera por suposto, porque somos poucos a traballar pero había outros que foron chamados a ser traballadores do ben público e escaparon así que tiveron oportunidade coma vostedes, escaparon pitando leite porque non querían traballar, vostede o primeiro. Vostede ao único que viña era a poñer pau ás rodas en tódolos departamentos onde pisaba, que é o que sabe facer, o que sabe facer e soltala risa frouxa porque non ten outros argumentos, así de claro, así de claro, é o único que sabe facer, e vostede cando se dedica agora a tentar sementar esa dúbida, sementar esa dúbida de que eu son unha filial do PP, de Fernando Guitián, a min desde logo, vaia por diante que non me ofende con iso, vaia por diante que non me ofende con iso si cre que me vai ofender porque de momento Fernando Guitián aí está, faríao mellor ou faríao peor pero non fixo nada malo ¡eh! ¡vale! polo tanto se quere seguir vinculándome ao Partido Popular siga, problema seu, pero voulle poñer un exemplo, mire sobre a política de bonificación fiscal que levaba Fernando Guitián e que levaba vostede cando estivo no Goberno, Fernando Guitián por exemplo o I.B.I., a plusvalía da xente de Gondomar facíalle un desconto do 50% e vostede modificou a ordenanza e agora pagan o 100%, esas son as políticas fiscais das que vostede presume, cobrarlle o 100% das plusvalías cando o Partido Popular lle cobraba o 50%, por exemplo pero non veña a falar do paleolítico aquí, ¿non o sabe? ao mellor escapóuselle ¿sabe por qué? porque como tiña tantos escribentes, como tiña tantos escribentes facéndolle as ordenanzas de gabinete da súa sede, porque non as fixo vostede, tiña catorce ou quince persoas, presumía de elo, de que estaban picando en word, que ata é humillante que teñan que facerlle as ordenanzas ¿entende? ¿ou non é verdade que llas fixeron? E ven aquí a presumir se non llas fixeron, se as fixeron de intervención e xente totalmente allea ao seu grupo de representación, pero iso é o que hai, polo tanto non se preocupe, e non vou falar de Jimena para nada porque fixo verdadeiramente o que puido e non fixo mais porque estou seguro de que vostede non lle deixou, estou seguro ademais, como tamén estou seguro de que



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

se fora por eles estaban no Goberno, fíxate a onde chego eu, ata iso, pero hoxe como témolo día e ademais o Pleno é curto permítome esta licenza con vostede porque ademais estamos no Pleno que posiblemente sexa o derradeiro do ano. Teño a conciencia moi tranquila, o que vostede levaba antes que era Economía, Facenda e Persoal, e por certo que non fixo nada, o único que fixo foi incendiar tódolos departamentos e poñer cabreados a tódolos funcionarios, foi o único que fixo ¿sabe? aparte de bloquear tódalas facturas e a parte de non querer pagarlle a Geseco, porque a quen traballa hai que pagarlle, vostede o que tiña que ter é a valentía suficiente para dicirle aos de Geseco que deixaran de prestalo servizo, porque non lle quería pagar vostede, vostede quería que Geseco recollera o lixo pero sen cobrar, iso é o que quería e os atrasos que ten Geseco desde o 2012 que por certo hai que pagarlle porque o fixeron, gústenos ou non, hai que pagarlle e vailles pagar este Alcalde nun plan de pagos aprazado porque ten que pagar, porque se imos a un contencioso perdemos e vostede iso debe de sabelo, hai que pagar a quen traballa, gústenos ou non, e co tema do lixo hai que facer un antes e un despois, sacala contratación e regularizalo servizo e para facer ese contrato que vostedes querían, que non sei que tipo de contrato era, un acordo entre Geseco e non sei que, para iso xa estaba Fernando Guitián, xa ten Fernando Guitián un acordo con Geseco de seguir prestando o servizo, xa non facía falta outro pero é que o problema e que vostedes rinse pero non se decatan, non se decatan, só saben rir, e que están nese currunchito jiji, jaja, ¡por Deus! Mire por sorte isto deixará de ser, este servizo deixará de ser como vostede di un popurrí, unha trapallada, non sei que, e deixará de selo porque en breve estará regularizado, pagarase a Geseco ou a quen sexa sen reparo, normalizaremos ademais a recollida de selectivos e vaia por diante que imos ter un bo servizo, a pesar de que vostedes xa sei que van votar en contra, xa sei que van votar en contra porque amóllalles que outros fagan as cousas mellor do que o fixesen vostedes. Agora séntense e miren como traballan os demais. Grazas. Sr. Guitián ten vostede a palabra.

Sr. Guitián: Grazas, moi bos días a todos, moito estanme nomeando neste Pleno, teño que dicirle Sr. Presidente Alcalde, Sr. Ferreira que eu xa non teño nada, agora o que ten é vostede, vostede é o Alcalde do Concello neste intre, iso está, era unha situación na que estaba eu naquel momento pero agora pasaron, pense dezaioito meses ¡eh! non un nin dous, dezaioito meses e por tanto agora quen o ten é vostede, eu xa non teño nada diso. A verdade é que hoxe vimos aquí a aprobar unha ordenanza que derogaron nalgún momento, vostedes derogaron esta ordenanza e agora temos présa por aprobala. No 2013 fixérase aquela ordenanza que fixéramos, nos expuxémos neste Pleno e que tiña, aparte doutras cousas que agora vou comentar, outras circunstancias pero unha delas era o de 150 metros non estar exentos do pago da taxa, vostedes trouxeron aquí unha ordenanza para pagala taxa dun xeito provisional que eliminaba esa circunstancia e nos nós abstivemos pero lle expomos varias condicións naquel momento que logo plasmámoslle nas alegacións que presentamos á aprobación. Por unha banda os beneficios fiscais, as exencións, ou as bonificacións parécennos, nos expuxeramos algunhas, como idea parécennos moi ben as que se tomaron en conta, por outra banda nos expuxerámoslle que había un problema en canto ás bonificacións polos prazos, que resolveron cunha disposición transitoria, non temos tampouco inconveniente pero nos poñíámoslle unha condición sempre tentando manter pola nosa parte a coherencia co noso voto e coas nosas decisións e por outra tentar facer sempre unha oposición construtiva, é dicir aportar e se o Goberno ten a ben consideralas nosas achegas votarlle a prol pero se non ten a ben non poderíamos votarlle a prol. Ben a nosa condición que era a mais importante, dicíamos, citábámola tanto naquel Plenario de aprobación inicial, tanto como nas alegacións que presentábamos, eu nas alegacións voume permitir ler algúns dos parágrafos, é dicir que fixemos, nalgún caso citábamos mesmo a providencia da Alcaldía que vostede fixo para aprobala taxa e por unha banda dicía que a aprobación debíase a complicidade actual da sociedade, das demandas dos cidadáns que desexan unha maior calidade dos servizos públicos. Nos atendendo a iso diciámoslle que o que queríamos era que estivese un novo



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)


servizo en vigor dado que o que temos a día de hoxe creo que ten quince anos, xa ía para dezaseis anos funcionando, loxicamente cada día é mais malo loxicamente xa se dixu neste Plenario, é lóxico, o servizo nos o expuxéramos, dicíamos que está obsoleto, que non cobre a totalidade do territorio, de feito hai moitísimas solicitudes de exención da taxa polo feito dos 150 metros e por suposto hai moitos sitios onde non se recollen as distintas fraccións do lixo, que se a fracción orgánica, a do papel, a do vidro, etc., en todo ese territorio que cada vez ocupouse e que cada vez vive mais xente, todos estes anos 2000 viviu mais xente aínda que agora non, entón para nos a condición era que dado que quítanse eses 150 metros, elimínanse e todos pagamos igual, haberá que compensalo dalgún xeito, parecíanos que o lóxico era compensalo tendo un servizo actual, moderno, que recolla tódalas fraccións e recóllanos a todos por igual, dabámoslle mesmo un voto de confianza que era que se non temos o servizo polo menos telo iniciado e con iso nos comprometíamos a votar a prol e nas alegacións que fixemos diciámoslle que efectivamente de non ter esa esixencia que para nos era unha condición sen equanum para o noso voto a prol. E agora tráennos unha nova ordenanza que efectivamente, como xa dixen antes, aparte das exencións e as bonificacións que a nos parécennos ben, nos tamén expuxémoslle algunha, e as que fixeron outros grupos parécennos mesmo que están mellor e polo tanto estamos de acordo pero o que non entendemos é por qué agora fanse tres tramos de pago, para nos é un paso atrás, o que entendo que vostede está asumindo é que o servizo vai seguir sendo malo. A nosa filosofía era contraria precisamente, de acordo en que todos paguemos igual pero ter un bo servizo, ter un servizo que acolla a todos por igual e agora estamos asumindo que non vai ser así, que vai selo contrario, vai seguir sendo malo, o proceso licitatorio ou a reversión ao Concello do servizo non está, non está feito e nos non temos constancia de que estea iniciado tampouco. Xa sei que vostede díxonos que se fixeron uns pregos, o Secretario díxonos agora aquí que fixo un informe desfavorable, que se levaron ao Consello Consultivo de Galicia, etc., etc., pero esa confianza que nos lle dimos, ese voto de confianza de polo menos telo iniciado non está, nos non o vemos, está para dentro pero non para fóra, era un pouco o que nos lle pedíamos. Hai que ter en conta que nos cando marchamos deixámoslle feito un estudo por unha empresa de cales tiñan que ser as condicións, entendíamos, para ter un servizo igual para todos, nas mesmas condicións, desto hai dezaioito meses. Daquela había varios concellos da provincia que estaban cun problema similar, mesmo de antes, que tiñan un problema en canto as prórrogas do servizo e da contratación que tiñan do concesionario. Todos eses concellos hoxe teñen un servizo contratado novo, lle digo a Illa de Arousa, Mos e outros concellos están licitando, están en proceso licitatorio o concello de Marín, en concreto, terán uns pregos, teñen uns pregos aprobados ¿por qué nos non? é dicir, tento dicirilles a coherencia nosa, por unha banda quitemos, paguemos todos igual, nada de chanzos uns dun xeito e outros doutro, habería que xustificalos moi ben xustificados nese estudo económico e técnico e de non facerse así, quero dicir, e de ter todos o mesmo pago, o mesmo servizo, iso era o que nos pedíamos, nos queríamos votar hoxe a prol porque a nosa coherencia así nolo dí, nos trouxemos aquí unha taxa, cando vostedes a derogaron votamos en contra da derogación pero nos para votarlle a prol puxémoslle unha condición, aparte das outras, e non se cumpre, para nos non se cumpre, en fin, eu píddolles que de verdade se poñan a traballar, de verdade, era doado pola nosa banda e insisto nos teñen aquí para...., nos poñerémoslle as condicións, dámoslle as claves, gústame a min dicir esa frase, dámoslle as claves para telo noso voto, para telo noso apoio aínda que estean en minoría, para telo noso apoio, pero coño, fágannos caso, fágannos caso. Ben, isto para nos é un remendo, non o compartimos, preferimos ter un bo servizo que todos paguemos igual, aparte das exencións e bonificacións que como creo, que é como este grupo cre que se deben facer. Nada mais, grazas.

Sr. Alcalde: Grazas, grazas Sr. Guitián, para rematar, mire se lle facemos caso que lle aceptamos as alegacións non ao 50%, ao 100%, as alegacións ás que vostede facía referencia á bonificación dun 50 e ao final marchan vostedes de aquí cun 100%, mire se lle facemos caso,



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
[Pontevedra]

mire que lle facemos caso que cando lle demos ademais estes pregos, o borrador, vostede fixo unha matización respecto aos mesmos e xa lla incluímos nese mesmo intre, xa o seguinte levaba a inclusión esa de puntuar mais a aquela empresa que traballara na concienciación da reciclaxe, xa llo fixemos, mire tamén se lle fixemos caso que ¿lembra aquilo que vostede dicíame de que se dalgún xeito ides desagregar mais os criterios de valoración estase convertendo un concurso en poxa?, ¡ollo! e tamén tomei nota porque vostede iso tamén o sabe, e o risco que corremos dalgún xeito por todo iso detallado porque convertémolo nunha poxa, mire se lle fixen caso que cando me dixo, ten moi en conta as baixas temerarias, e recollémolo dun xeito mais contundente e mais detallado, para non entrar nese dilema das baixas temerarias, fixenlle caso. ¿Por qué non o traemos aquí? Mire eu podía traer aquí eses pregos para a súa aprobación para cubrir o expediente, pero eu, se queremos facela política doutra maneira temos que traelo aquí cando estea consensuado por todos nos, se xa temos un problema nos criterios de valoración entre a empresa que nos redacta os pregos e a Secretaría Municipal e entre as partes, obviamente eu creo que temos que saír dese dilema e que mellor que pedir un ditame ao Consello Consultivo a ver que nos di, que nos marque o camiño dalgunha maneira, eu non quero traelo aquí para que ao final isto xere un debate e non saia, eu podo, e se vostede pídemo e quere eu comprométome a traelos pregos en xaneiro, no primeiro Pleno que fagamos, traelos a Pleno para a súa aprobación se procede, agora ¿están de acordo con eles tal como están? Vostedes, eu mandeillos por correo electrónico, outra vez, co escrito do Consello Consultivo e co informe do Secretario, entón o problema que temos é que ao mellor non nos gusta como están, porque pode haber interpretacións, eu non hai problema que o traio ao Pleno sen problema ningún, ¡iso imos!, o de abril os tramos, claro é unha petición que nos fai un grupo político que considera tamén acertado pois marcar tamén tres tramos, polo tanto se queremos atendelas peticións de I.X.G. obviamente temos que... non podemos coincidir coas súas, entón non se pode estar a dar misa tocando a campá, eu creo que as súas foron aceptadas, as de I.X.G. tamén e as de C.A.BE. pois tamén foron aceptadas. Respecto a condición que vostedes poñían, que en si non é unha alegación, non deixa de ser un ultimato, porque claro non alegan vostedes a nada respecto do tenor literal da ordenanza, o que alegan collémolo, despois din pero "condición sen equanum para o noso voto a prol que vostede inicie o procedemento" iso non é unha alegación, iso é, iso é un ultimato. Si quere o meu voto ten que demostrarme que vostede está facendo algo neste senso e eu respéctoo, se quedamos coa palabra inicio, a verdade é que habería que marcar onde empeza verdadeiramente ese inicio do procedemento, para vostedes o inicio ¿é unha vez que é aprobado no Pleno da Corporación, unha vez que o aprobamos no Pleno da Corporación, ese prego a partir de aí é o inicio do procedemento ou o inicio do procedemento é o que vostede fixo cando gobernaba que empezaba co estudo? Non o sei pregunto, pero eu creo que antes ademais facíalle unha relación cronolóxica dos pasos que fomos dando, e creo que se falamos dun estudo económico da elaboración dos dous pregos, dun estudo da municipalización ou da privatización do servizo, un informe de Secretaría e Xuntas cos Voceiros e cos grupos todos, si lles deu traslado e escoitaron as suxestións das partes, recolléronse, emendáronse e ao final como non queda claro o que traer aquí porque temos un problema xurídico, que non queremos metela pata ou que non sexa ao final un debate tecnicista de se o criterio de adxudicación debe de ser dunha maneira ou doutra, de acordo coa circular 14/2014 ou tal, que se pida un ditame con prudencia e perdendo ao mellor un mes ou dous, home eu prefiro facelas cousas amodo, prefiro, agora garántanme vostedes aquí a prol e xa verá como virá ao próximo Pleno e xa está, e que é mais só teñen que pedirmo, espero que para xaneiro estea o ditame do Consello Consultivo, se nos di vía libre traerémolo, se nos di que rectificemos, rectificaremos e iso é o que temos nese senso, eu creo que fixemos traballo dabondo neso, eu son o primeiro en querer arranxalo problema do lixo en Gondomar, deixar de pagar tódolos meses unha factura co reparo de intervención, quero ademais pagalos atrasos que se lle deben Geseco desde o 2012, 2012 ¿eh? Sr. Guitián, 2012 que se lle pagaron uns e outros non, e están aí que nos están ademais penalizando cada peche de exercicio como é o caso disto esa débeda, e hai



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

que solucionala, terei que asinala eu porque se imos ao contencioso imos a pagar esa débeda, os xuros e as costas xudiciais polo tanto eu creo que hai que ser responsables. Non da para moito mais isto, está mais que tratado, falado e polo tanto ¿Sr. Pauliño, son alusións? Pois ten vostede a palabra.

Sr. Pauliño del Río: Grazas Sr. Alcalde, simplemente para un par de cuestións, evidentemente nin este grupo, nin eu mesmo vai entrar nas súas opinións que se cualifican por si mesmas sobre o traballo deste ou de calquera outro concelleiro cando estivo no Goberno. É moi libre de pensalo que queira pero os feitos están aí, e non sei se colaboraron, 14, 25 ou 23 e o fixemos mal, malísimo, posiblemente que o fixemos mal, malísimo. Agora vostede leva gobernando dezaoito meses e nos estivemos seis e a vostede non sei que lle pasa, tal vez debería de facelo ver pero non acaba de esquecer a este grupo político, por algo será ,é unha especie de obsesión e cada vez que se lle critica o seu traballo vostede repetidamente incide en facer oposición, vostede está no seu dereito, eu simplemente o que acaba de dicir do I.B.I. eu simplemente estou asombrado por dúas cousas, vostede creo lembrar votou a prol desta ordenanza, polo tanto tódolos que votaron a prol dese imposto, déixeme falar se non lle importa, vostede falou do I.B.I., vostede falou da taxa, imposto ¿verdade? de bens inmobles, creo lembrar que dixo vostede o I.B.I. ¿e votou vostede a prol ou non? leva vostede todo o ano 2016 sendo, aparte de Alcalde, responsable da area de Economía e Facenda, ¿por qué non trouxo aquí unha modificación desa taxa, se tanto lle molesta, ou tamén ten a culpa C.A.B.E.? é dicir vostede poderá dicir o que lle peta cando lle peta, outra cousa é que teña razón ou que diga cousas con sentido, ese é o seu problema, vostede fala para diante e o 90% non sabe nin o que di directamente, porque se vostede fora responsable, mesmo se vostede fora consecuente, que xa parécese fiar moi longo, vostede ten a potestade de aquilo co que non está de acordo traelo aquí e modificalo, e vostede non o fixo, vostede non o fixo, vostede non trouxo ningunha modificación polo tanto pedímoslle desde aquí un pouquiño mais de rigor cando faga determinadas alusións, evidentemente non lle imos contestar aquí nin imos entrar, por iso non quixen intervir antes porque parécenos moito mais importante o temas das taxas ou impostos que unha digresión súa sobre as súas neuras sobre esta formación política. Resólvaa noutros ámbitos e non aquí, pero evidentemente cando falamos de ordenanzas fiscais e vostede non está de acordo cunha, o primeiro que ten que facer é primeiro, non votar a prol que o fixo, e segundo, ao mellor o fixo por un problema de coherencia interna, imos a aceptalo non o fixo, segundo, tivo vostede un ano para modificar iso, esa normativa ¿eh? do I.B.I., esa diferenza entre a que tiña o Partido Popular, que parece ser que lle parecía ben, e a que estableceu este Goberno ¿por qué non a cambiou?

Sr. Alcalde: Sr. Pauliño vaia ás alusións, non solte outro mitin.

Sr. Pauliño del Río: Non vou a facer alusións porque evidentemente, as alusións que vostede fai non teñen a categoría para discutilas neste Pleno, as súas neuras resólvaas noutro sitio.

Sr. Alcalde: Vaia vostede ás alusións, non me....non faga outro....se non entramos nun debate.

Sr. Pauliño del Río: Non imos a entrar en debate, se lle da a palabra a Jimena, que a está solicitando

Sr. Alcalde: ¿Pide vostede a palabra tamén, por alusións, Sra. Jimena? Grazas, ten a palabra.

Sra. Jimena Varela: Grazas, a min si que me gustaría responder a algunha das alusións que fixo. Eu o que lle pido Sr. Alcalde é que deixe de usar ese ton paternalista que xa non é a primeira vez que o escoito (...) vale pois repito toda a miña intervención. O que me gustaría pedirlle Sr. Alcalde é que deixe de usar ese ton paternalista que non é a primeira vez que o





CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

escoito de vostede, de que estamos manexados por outra xente, de que... estes noviños que acaban de entrar. Eu lémbrolle que si que levamos pouco tempo aquí no Concello pero si que levamos moito tempo, moitos anos traballando desde fóra, así que rógoles que non volva a presupoñer que somos parvos ou que estamos manipulados, que non temos capacidade de razoamento e que mida un pouco mais as súas palabras.

Sr. Alcalde: Moi ben, iso son opinións súas, eu non lle chamei parva nin moito menos ¿eh? iso é unha opinión subxectiva de vostede, ou de paternalista e todo o demais, ata aí chegarían as bromas que eu agora lle tivera que facer caso a vostede de como vou a falar. Eu se verdadeiramente lle faltou a vostede ao respecto, si ten razón a reprochámolo, agora eu tamén podía dicilo mesmo do Sr. Pauliño que bótame a rifa aí coma se eu fose o seu fillo iso...cada un fai o discurso como el queira, eu para nada lle chamo a vostede parva, nin que están manipuladas, nin que están nada, pero rematamos ¿por alusións Sr. Guitián, tamén?

Sr. Guitián: Non, eu vou falar disto.

Sr. Alcalde: ¿Imos abrir outra vez o debate da...ordenanza?

Sr. Guitián: Si, si, é o debate que hai hoxe, non temos tanta prisa, non temos tanta fame.

Sr. Alcalde: Non, non, nada, non para nada.

Sr. Guitián: ¿Hai fame hoxe? ¿qué hora é? Son as dúas e cuarto, ata ás tres.

Sr. Alcalde: Vale, vale, como non hai fútbol.

Sr. Guitián: Temos tempo, imos a ver ¿é vinculante o ditame do Consello Consultivo?

Sr. Alcalde: ¿Pregúntamo ou afirmamo?

Sr. Guitián: Si, pregúntollo.

Sr. Alcalde: ¿Qué quere preguntarme si é vinculante?

Sr. Guitián: Si

Sr. Alcalde: ¿Pero vinculante para esta parte ou vinculante legalmente?

Sr. Guitián: Vinculante para telo en conta nos pregos de licitación. ¿Non enviaron os pregos ao Consello Consultivo?

Sr. Alcalde: Si, claro.

Sr. Guitián: Estarán esperando a que lles digan algo, o que lle digan van incorporalo nos pregos, digo eu, ou ¿non lle van a facer caso? ¿é vinculante o que digan eles? É o que lle estou preguntando.

Sr. Alcalde: En parte si, en parte non.

Sr. Guitián: Vale, moi ben.

Sr. Alcalde: Así de claro.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Sr. Guitián: ¿Qué é inicialo procedemento licitatorio?

Sr. Alcalde: Non, non déixeme, ¿contéstolle ao de vinculante?

Sr. Guitián: Si, claro, pensei que xa rematara.

Sr. Alcalde: A min se me di ¿legalmente vincula o ditame do Consello á administración local? Vostede sabe que non, pero se o Consello Consultivo desde logo danos ademais a razón ¡non! vennos a referendar dalgunha maneira pois a viabilidade xurídica dese prego ou mesmo unha vez co técnico municipal teña ese ditame pois poida entendela razoable e dalgún xeito.....pero imos a ver, isto claro que non vincula legalmente, vostede sábeo como xurista ¿e qué? Tamén non vincula o que vostede pode dicir e con todo pode convencerme. Agora entramos no debate de se vincula ou non vincula.

Sra. Durán: Non, non Sr. Ferreira, imos a ver, e que vostede dedicoulle bastantes minutos aquí a tratar de explicar publicamente o traballo que fixo o seu Goberno, tardou aquí vostede mais tempo realmente en tratar de explicalo que fixeron que o que fixeron.

Sr. Alcalde: Para iso están os Plenos.

Sra. Durán: E ven a dicirnos que o procedemento.

Sr. Alcalde: ¿Ten fame vostede ou que?

Sra. Durán: Non.

Sr. Alcalde: Entón, ¿qué problema hai?

Sra. Durán: Non, non teño ¿de acordo? e pídlle que me trate con respecto e non me faga ningún tipo de comentario que non llo vou a tolerar ¿de acordo?

Sr. Alcalde: Estou utilizando o mesmo tipo de linguaxe que utilizou o seu voceiro, o mesmo, ¿ten fame?

Sra. Durán: Estoulle dicindo que eu non lle tolero que faga iso ¿de acordo?

Sr. Alcalde: Eu teño tempo.

Sra. Durán: Non llo tolero, ¿de acordo Sr. Alcalde?

Sr. Alcalde: Teño tempo así que, pero non se trata de que mo tolere.

Sra. Durán: Perfecto, estoullo dicindo, non me saque o debate a outro lado, vostede dedicou aquí minutos a explicar o pouco traballo que fixeron e trata de vendernos como que traballaron moito e ¿qué é o que ten vostede?. Vostede ten uns pregos, que vexo que non os fixo o departamento de Secretaría porque se os fixera o departamento de Secretaría non terían o informe contrario do Secretario Municipal. Vostede preséntalle uns pregos ao Secretario que lle di que para el non se axustan á legalidade e polo tanto vostede o que fai é pedirlle ao Consello Consultivo pois iso que emita un ditame, non sei exactamente os termos nos que lle vai alí, que lle emitan un ditame, e eu o que lle digo é ¿qué pasa se o Consello Consultivo emite un informe onde di que eses pregos valen e polo tanto vai contrario ao criterio do Secretario?. Eu



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

pregúntolle ¿é que seica vai vir aquí o Consello Consultivo, os integrantes do Consello Consultivo a estar no procedemento de contratación? E que vostede meteuse nunha lea un pouco tremenda ¿non cre que mais ben os pregos tenos que facer o servizo xurídico e o técnico dentro do que é a secretaría municipal?. Mire o que vostede está facendo é enredando, enredando e enredando, nada mais, serán dous meses, serán catro, serán seis, os que tarde, pero xa o veremos.

Sr. Alcalde: Grazas, Sra. Durán, grazas, non imos a falar mais do vinculado, da vinculación dos pregos nin moito menos, porque ese non é o debate deste Plenario ¿vale?, tranquilos, cando veñan os pregos vostedes xa mirarán o que teñan que facer. Mire Sr. Guitián, fagan o que vostedes queiran. As alegacións que vostedes fixeron á ordenanza, están recollidas integramente ¿vale?. Agora se para vostedes non está iniciado o procedemento e iso supedita o seu voto a prol, en contra, abstención e tal, é un problema dese grupo. Fagan vostedes o que queiran, que para iso están, faltaría mais, que vostedes cren que non está iniciado o procedemento, vale pois non o estará para vostedes, voten en contra se queren da ordenanza, fagan o que queiran, este tema eu douno por concluído porque non é motivo de debate e cando veñan os pregos a este Plenario, pois xa miraremos os pregos que son e a oferta que presenta, ou os pregos que presenta este Goberno dentro da súa iniciativa como tal, que é o que ten que facer.

Damos por pechado isto, se non hai mais intervencións respecto á ordenanza fiscal en si, damos por pechado o debate Plenario.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

#### **VOTACIÓN E ACORDO**

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: 12 votos a favor: 3 do Grupo Municipal do PSOE, 3 do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto, 3 do Grupo Municipal M.M. e 3 do Grupo Municipal I.X.G.; 4 votos en contra do Grupo Partido Popular; e ningunha abstención, acorda aprobar por maioría de votos a favor a proposta arriba transcrita, relativa á Aprobación definitiva da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa polo Servizo da recollida do lixo.**

E non habendo máis temas que tratar, ás 14 horas e 12 minutos do día 21.12.16, o Sr. alcalde remata a sesión e dela redáctase a presenta acta que eu mesmo asino, de todo o que eu como secretario dou fe.

